



## LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA

É unha licenza municipal que acredita a adecuación das instalacións proxectadas á normativa urbanística vixente e á regulamentación técnica que poida serlle aplicable. Só debe solicitarse cando vai abrirse un local.

As actividades divídense en **Inocuas** (aquelas que non producen molestias nin danos e que son máis doadas de conseguir e máis baratas) e **Cualificadas** (aquelas que poden resultar molestas, insalubres, nocivas e perigosas, e que polo tanto son máis difíciles de conseguir e máis caras).

### Lugar de tramitación

Departamento de Urbanismo do Concello no que estea domiciliada a empresa.

### Prazos

Antes do inicio da actividade

### Documentación

A documentación esixida para desenvolver unha actividade **Cualificada** é:

- > Formulario municipal de solicitude.
- > Relación de veciños lindeiros.
- > Proxecto Técnico das instalacións asinado por un técnico competente e visado polo Colexio Oficial que corresponda e con Dirección facultativa.
- > Fotocopia do Alta no Imposto de Actividades Económicas.

A documentación esixida para desenvolver unha actividade **Inocua** é:

- > Formulario municipal de solicitude.
- > Fotocopia DNI.
- > Planos de planta e sección, acoutados, co máximo detalle posible (indicando o uso de cada dependencia, as luces de urxencia, a situación dos extintores, etc).
- > Plano de situación do local respecto das rúas onde se acha situado.
- > Plano de emprazamento do local en relación co resto de locais do edificio, só nalgúns Concellos.
- > Escritura de Propiedade ou contrato de arrendamento do inmovible, se o esixe o Concello no que radica a actividade.